

Tempo de ler

Marzo 2024



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

ÍNDICE

- Educación Infantil: elaboración de imáns.
- Xa estamos en 1º
- 2º Educación primaria: reis e raíñas por un día.
- 3º Educación primaria: ollada á clase de 3º
- 4º Educación primaria:
 - Coñecemos a nosa contorna.
 - Lilo e Stich
 - Quen vive no composteiro?
 - Visita do seprona
 - Pescudamos
 - Outras actividades.
- 5º Educación primaria: Exposición da célula.
- Que está pasando en 6º!
- Tempo de Troti- Biblioteca
- Relixión.
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Dende o E.D.L.G. (Equipo de Dinamización da Lingua Galega) queremos dar as **GRAZAS** a todo o profesorado e, por suposto, aos nosos alumnos e alumnas, por colaborar con nós para que esta revista fixérase realidade; polo seu traballo e esforzo.

Grazas a todos e a todas!



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

EDUCACIÓN INFANTIL

Outro curso mais os nenos e nenas de infantil realizamos actividades xuntos.

Así, realizamos un taller de elaboración de imáns para as mulleres das nosas vidas para conmemorar o 8 de Marzo.





Xa estamos en 1º



Na nosa clase aprendemos
traballando e xogando







Tamén nos disfrazamos



REIS E RAÍÑAS POR UN DÍA

Este ano o alumnado de primeiro e segundo de Educación Primaria puideron sentir o que é ser rei ou raíña do Medievo, que ben o pasamos!



Ollada á clase de 3º



Este ano os nenos de 3º estreamos aula nova e para lucir a nosa nova porta, polo Nadal, decidimos decorala para contaxiar a todos co noso espírito.

En Xaneiro celebramos a paz cunha coreografía moi especial grazas ás argalladas da profe Ceci. Mirádenos! Estamos para un anuncio de deterxente! Impolutos!



Polo entroido, e como este ano a cousa ía da Idade Media, convertímonos en bufóns xunto coa clase de 4º e pasámolo xenial! Foinos coma anel ao dedo!



Tamén traballamos co libro de Nerea, e tivemos a sorte de que o seu ilustrador, Pablo Padro, acudiu ao centro para explicarnos como foi o seu proceso de creación. Tamén atendeu ás nosas preguntas e incluso agasallounos cun debuxo personalizado da nosa Troti. Qué sorte tivemos!



Inmortalizamos a nosa saída ao Concello, onde tivemos a oportunidade de convertirmos en alcaldes e alcaldesas por un intre, coñecer cómo funcionan os plenos do Concello e incluso visitamos as instalacións da Policía Local, onde nos ensinaron todos os aparellos que empregan @s policía@s e malia nos deixaron entrar ao calabozo! Foi un día cheo de emocións!



Sáímosos ao teatro, onde ademáis de pasalo súper ben, tivemos a oportunidade de sacarnos una foto con Dinoseito e Dinoseitiño.



Fixemos diversos obradoiros onde poidemos volcar toda a nosa creatividade, aplicando diversos estilos artísticos e creando decoracións para as diferentes celebracións e conmemoracións. Botade una ollada a algún dos nosos traballos!





E coma se fose pouco, tamén nos converteremos en científicos e fomos quen de analizar os compoñentes do noso compost ...



Si é que... valemos para todo!

COÑECEMOS A NOSA CONTORNA

O 14 de decembro, o alumnado de 4º EP fixo unha saída a Porriño onde visitou o Museo de Minerais de Galicia (MINERGAL).


Explicáronlle a importancia das rochas na paisaxe e na construción, por exemplo das nosas casas. Aprenderon que na vida diaria utilizamos minerais para construír multitude de obxectos que nos rodean: lámpadas, moedas, lapis, ordenadores,...

Houbo quen ía todo ilusionado, coa idea de que lle puideran resolver dúbidas sobre a súa colección de minerais.



LILO E STICH

En 4º EP temos dúas alumnas apaixonadas polos debuxos de Lilo e Stich, por iso aventuráronse a buscar información sobre esta nena hawaiana e o seu amigo.



LILO E STICH

Lilo 




- Lilo é unha nena de 6 anos de idade, hawaiana e de cabelo longo e negro, e ollos marróns. Lilo ten como afición facer fotos. É moi aventureira, valente e intelixente. A miúdo viste levando un vestido moi vermello e con follas brancas e sandalias, pero tamén leva roupa de clima cálido, así como traxes de hula tradicionais.

QUEN VIVE NO COMPOSTEIRO?

A mediados de febreiro visitáronnos Antón e Ana. Viñeron a contarnos a importancia dos bechos para a vida.

Cando nos acercamos ao composteiro do colexio e abrimos a tapa, vemos algúns animais, sobre todo caracois, pero... sabíades que se nos fixamos polo miúdo podemos atopar moitos máis. Nós, usamos lentes e



microscopios para descubrilos.

Aquí tedes uns traballos nos que vos contamos o que fixemos.

OS BECHOS

O 20 de febreiro de 2024 viñeron uns expertos en bechos e nos deron uns pinceis e abono do noso composteiro para buscar os insectos. Foi divertida e encontramos moitísimos. Tamén nos trouxeron uns microscopios, grazas a eles podemos ver os insectos máis de cerca e ver as diferenzas entre eles.

Logo, Anxo e Diego, colleron os bechos que encontraron e os levaron para casa. En xeral, foi unha experiencia que nunca poderemos olvidar.



Diego 4ºEP

Sara C. 4^ºEP

20/02/2024

O 20/02/24 visitaron a clase Ana e Antón. Nos ensinaron os bechos que están no composteiro para facer o abono. E nos deron lupas para ver os bechiños, uns recipientes para meter os bechos que collamos dunha bandeja onde había bechos e abono, tamén un microscopio e uns pinces para coller os bechiños. Había: bechos bola, cempés, milpés, larvas, caracóis, etc.



Cempés



Becho bola

Sara

VISITA DO SEPRONA

A Garda Civil visita o C.E.I.P Cruz Budiño para dar unha charla sobre a natureza.

O día 15 de febreiro de 2.024, tivo lugar unha charla a cargo da Garda Civil no Salón de actos do C.E.I.P Cruz Budiño.



O alumnado que recibiu a charla foron dos cursos de 3^º, 4^º, 5^º e 6^º de primaria. A charla explicouna Verónica, unha axente da Garda Civil, que nos falou sobre as tarefas do SEPRONA e a importancia de coidar o medioambiente.



Antía 4^º

PESCADAMOS

Os alumnos e alumnas de 4º EP buscamos información sobre o Teide. Sabiades isto?


Pico de Teide

A montaña máis alta de España é o Teide, un volcán que mide 3.715 metros sobre o nivel do mar e a 7.500 metros sobre o solo moirino.

O terceiro volcán máis grande da Terra desde a base do océano.

O Teide encóntrase na illa de Tenerife situándose na décima illa máis alta do mundo.

Noa 4º EP



O Teide

A medalla de ouro é para o Teide, maxestuoso volcán de 3.715m de altitude situado na illa de Tenerife.

Declarado Patrimonio da Humanidade no 2007.

Ademais é o terceiro volcán máis alto do planeta.



Sara C.
WEP

OUTRAS ACTIVIDADES

Fixemos moitos traballos, pero tamén tivemos tempo para coñecernos e pasalo ben.







As nenas e nenos de 5º de Primaria estudamos a **célula** no primeiro tema de **Ciencias Naturais**.

Todos os seres vivos estamos formados por células, pero... como é a súa estrutura? Cantos tipos de células hai?

Para comprender mellor estes conceptos, fixemos uns traballos en grupo.





Ao rematar os traballos, fixemos una exposición colectiva na nosa aula... con festa de inauguración, corte de cinta e todo!
Aquí tedes a foto da inauguración oficial da exposición:





Que está pasando en sexto?



Este curso non paramos quiet@s en sexto e para que vexades un pouco do que facemos, aquí tedes algunhas das últimas actividades que realizamos na nosa aula.



A nosa compañeira Noa foi galardoada co segundo premio do certame "Xeoparque Illas Cíes, o paraíso de todos" polo seu fantástico debuxo.

Ademais de recibir o seu debuxo enmarcado, Noa foi tamén premiada cunha viaxe ás illas, un vale regalo e material escolar. Noraboa, artista!!



O pasado xoves 22 de febreiro, e xunto ao alumnado de quinto, recibimos unha vistia moi especial dun exalumno do centro. Trátase de Jacobo Areal, afamado cámara e ilustre tío das nosas alumnas Naira e Suevia.



Co seu obradoiro tivemos a oportunidade de achegarnos ao interesante mundo do cine. Tamén poidemos facerlle unha entrevista así que estade atent@s ao próximo Faro da Escola.



O luns 26 de febreiro, recibimos ao alumnado de quinto e sexto do colexio Irmáns Quiroga para celebrar una xornada deportiva cargada de emoción e competitividade, da boa.


Ao longo de parte da mañá deixamos a pel practicando diferentes deportes, como balonmán ou baloncestos, para rematar a xornada cun megapartido de brilé.




Outro ano máis a nosa mascota Troti propúxonos divertidas actividades. Aquí vos deixamos unha pequena mostra dalgunha delas.

No primeiro trimestre descubrimos que a nosa mascota Troti viaxara no tempo e quedara atrapada na Prehistoria.

Entre todos construímos unha máquina do tempo para rescatala.



Escribimos un conto sobre as aventuras de Troti e visualizámolo.



Conseguimos rescatala pero neste segundo trimestre a máquina do tempo averiouse na Idade Media e tivemos que realizar diferentes retos para axudala como construír escudos para as nosas aulas ou disfrazarnos de personaxes da época medieval entre outros.



8M- DÍA INTERNACIONAL DA MULLER!

O 8 de Marzo conmemoramos o Día da Muller con actividades tanto dende a escola como dende a casa.



Como actividade coas familias realizamos a cortina da igualdade onde con fotos das mans as familias simbolizaban o que era para eles a figura familiar muller: amor, vida, forza, unión...

Dende as aulas os nenos e nenas realizaron diferentes actividades traballando a través de contos, cortos ou actividades plásticas está conmemoración.



APADRIÑAMENTO LECTOR

Este curso seguimos compartindo ratos xuntos cos nosos padriños e madriñas. Así, todos os meses durante a hora de ler compartimos lecturas, actividades e grandes momentos !




Os nosos alumnos e alumnas elaboraron unhas caroutas de Entroido. Deixándolles engadir complementos o seu gusto, aproveitando materiais de refugallo, blondas de tortas, papeis de xornais e recortes sobrantes das aulas, etc.

Foi unha actividade moi motivadora para eles e sentíronse orgullosos do resultado do seu esforzo.

O produto do seu traballo decorou o corredor e deu unha nota festiva o cole.





Equipos de Dinamización da Lingua Galega

E para finalizar algunhas das actividades que se fixeron, sendo propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega:


1º- **Sección xornal da semana:** cada semana actualízanse as noticias no noso taboleiro de xornal.



2º- **Calendarios:** cada titoría partindo do proxecto do centro, elabora un calendario no mes que lle corresponde.



3º- **Conto viaxeiro:** cada aula (partindo do proxecto do centro) pensa, inventa, escribe e decora unha páxina do conto, comenzando por 4º de educación infantil ata 6º de primaria.



4º- **Radio escolar e sección: “cantamos e bailamos con”:** os luns, mércores e e venres durante o recreo, emítense programas de radio escolar, onde os seus contidos son maioritariamente en galego. Os mércores no recreo é o día adicado a música galega.



CONMEMORACIÓNS:

- Día do Estatuto de Galicia:

Educación primaria: o alumnado de primaria traballou algunhas partes do himno galego.



Educación infantil: escoitaron o himno galego, traballaron o escudo e a bandeira de Galicia.



- Día da paz – A paz está nas túas mans.

Ademáis de elaborar cada alumno e mestre as súas mans da paz, a mestra Ceci e a mestra Raquel prepararon unha coreografía con todo o alumnado do centro para festexar este día.

A canción elexida foi: “ La guerrilla de la concordia” de Jorge Drexler.



- **Día de Rosalía de Castro, 23 de febreiro:**

Este curso o E.D.L.G propuxo que cada titoría ilustrase unha obra desta recoñecida escritora galega.

